

# O RAPAZ E A GARZA

Hayao Miyazaki, 2023

# 1187

ESTREA EN NUMAX: 27.10.2023 | V.O.S.E. | TP | 124 min

Un rapaz chamado Mahito, que estraña a súa nai, aventúrase nun mundo compartido polos vivos e os mortos. Alí, a morte chega á súa fin e a vida encontra un novo comezo. Unha fantasía semiautobiográfica sobre a vida, a morte e a creación, en homenaxe á amizade, da mente de Hayao Miyazaki.

«Está entre os filmes máis fermosos endexamais debuxados»

David Ehrlich, INDIEWIRE



## «Un filme non debe compracer a súa época»

Por Hayao Miyazaki

Non hai nada máis patético que dicirle ao mundo que te vas retirar debido á túa idade e logo volver anunciar outro regreso. É realmente posible aceptar o patético que é iso e facelo de todos modos? Acaso o feito de que unha persoa maior, a pesar dos seus esquecementos xeriátricos, se faga ilusións de que segue sendo capaz non demostra que xa pasou o seu mellor momento? Claro que si.

Está moi ben arrastrar a outros e causar un lote de problemas para rematar un filme, pero tamén é moi posible que fiques prostrado na cama ou morras no momento decisivo. O propio instigador pode estar totalmente preparado para iso, pero para os que acaban cargando con todo o "cotarro" do filme pode ser insoportable. As longametraxes tardan un mínimo de tres anos en completarse. Con 40 anos podía facer unha por ano pero agora teño 75 [\*declaracións de xullo de 2016] e mesmo tres anos se fan pouco tempo, estou tentado a dicir: "Deixádeme traballar até que cumpra os 80".

Ben, iso é algo polo que Paku-san (o tamén cineasta Isao Takahata) xa pasou, así que supoñendo que quenquera que produza o filme teña a determinación de seguir adiante até terminalo, o verdadeiro enigma é: como será o mundo dentro de tres anos?

En que estado se atopará o mundo e as mentes dos espectadores cando reciban o noso filme? Seguro que a nosa época actual, indistintamente á deriva, indefinible e indiscernible, está a chegar á súa fin? Non se encontra o mundo nun estado de cambio? Poderíamos estar abocados á guerra ou á catástrofe, ou talvez a ambas.

En tempos coma este, ao facer unha película que vai tardar cando menos tres anos en completarse, que forma debería tomar?

En primeiro lugar, poderíase procurar algo enfaticamente pacífico, como *O meu veciño Totoro*. "Totoro II" quizais? Poderíamos facer iso. Teño a sensación de que poderíamos facer algo que pague a pena. É só unha sensación, pero se estoupase a guerra, podería ser aínda máis significativo. En segundo lugar, un filme ambientado en tempos de guerra. Un filme adiantado ao seu tempo, feito coa conciencia de que os tempos poderían alcanzarnos antes de que sexamos capaces de completalo.

Un filme non debe compracer a súa época. Se puidera ser inhumanamente irresponsable, gustaríame facer unha película sobre a batalla do río Yalu na guerra chino-xaponesa, pero iso é só unha predilección persoal. Esquézano.

Publicado en [vertigofilms.es](http://vertigofilms.es)  
Tradución do español.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El mundo invisible de Hayao Miyazaki*,  
Laura Montero Plata.  
Dolmen, 2019

*Mi vecino Totoro*,  
Hayao Miyazaki.  
Vertigo [DVD]

*La tumba de las luciérnagas*,  
Isao Takahata.  
Selecta vision [DVD]